

Ecovixiantes do Divina Pastora

Colexio Plurilingüe Divina Pastora-FRANCISCANAS

VOZ NATURA

XIX EDICIÓN PROGRAMA VOZ NATURA • CURSO 2015/2016

OU/001



**CUIDA LA VIDA.
PROTEGE NUESTROS
ECOSISTEMAS.**

Aprende a respetar el suelo y proteger nuestras especies autóctonas. Entre todos podemos ayudar a conservar nuestro medio natural, sustento de vida de nuestro planeta.

INDICE

INTRODUCCIÓN.....	4
ESTRUTURA ORGANIZATIVA.....	7
OBXETIVOS.....	9
ACTIVIDADES.....	10
CAPITULO 1. Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos.....	10
CAPÍTULO 2. Reforestar e plantar especies autóctonas; e reducir paulatinamente especies foráneas con obxecto de erradicarlas nos ecosistemas.....	37
CAPÍTULO 3. Reducir contaminantes que afectan ó ecosistema directa ou indirectamente.....	52
DIFUSIÓN.....	61
AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.....	62
ANEXO 1. XUSTIFICACIÓN DE GASTOS.....	64
ANEXOS 2-13. Correspondentes ao CAPITULO 1. Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos. (Tomo 2 aparte).	
ANEXOS 14-21. Correspondentes ao CAPITULO 2. Reforestar e plantar especies autóctonas; e reducir paulatinamente especies foráneas con obxecto de erradicarlas nos ecosistemas. (Tomo 3 aparte).	
ANEXOS 22-26. Correspondentes ao CAPITULO 3. Reducir contaminantes que afectan ó ecosistema directa ou indirectamente. (Tomo 4 aparte).	

INTRODUCCIÓN

Ecovixiantes do Divina Pastora é un grupo de alumnos e alumnas de educación secundaria e docentes que teñen como obxectivo xeral implicar á comunidade escolar do centro na **sostenibilidade e respecto medioambiental**; Pretende chegar ao alumnado desde os tres anos de idade ata os dezaioito, ás súas familias, docentes e toda a área de influencia do centro. Por iso, Voz Natura é o programa que mellor representa o espírito deste grupo de alumnos/as e docentes voluntarios.

Este curso 2015/2016, Ecovixilantes desenvolve a súa actividade, un ano mais, na recuperación e defensa da natureza, sumándose á declaración do 2015 como Ano Internacional dos Solos por parte da ONU seguindo as pautas de Voz Natura, con obxecto de traballar na protección dos ecosistemas autóctonos a partir da concienciación do alumnado e das súas familias.

Ao longo do curso escolar realizáronse numerosas actividades vinculadas ao noso primeiro gran obxectivo: “Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos” principalmente no concello de Ourense e na provincia de Ourense.

A 68.^a sesión da Asemblea Xeral da ONU declarou o 2015 Ano Internacional dos Solos e entre os obxectivos específicos, Nacións Unidas destaca á necesidade de concienciar á “sociedade civil e os responsables da toma de decisións sobre a profunda importancia do solo para a vida humana” e de “educar ao público sobre o papel crucial que desempeña o solo na seguridade alimentaria, a adaptación e a mitigación do cambio climático, os servizos ecosistémicos esenciais, a mitigación da pobreza e o desenvolvemento sostible”. Por iso, dende o Colexio Plurilingüe Divina Pastora, desenvolvemos actividades para ensinar ao noso alumnado a riqueza forestal de Ourense e a importancia dos montes que o rodean valorando o solo como fonte da biodiversidade e recurso contra o cambio climático desde a implicación activa.

A clave do programa é aprender desde o currículo e as actividades complementarias como charlas/coloquios pero sobre todo aprender practicando, aprender desde a participación lúdica en interacción co medio, por iso as saídas, as visitas ... son o eixo dos Ecovixiantes do Divina Pastora.

Realizáronse o longo do curso 2015/2016 numerosas actividades de formación nas que posteriormente o alumnado implicábase nas tarefas de campo como: limpeza de diferentes tramos do río Lonia, plantacións de árbores nas zonas arrasadas polo lume (zona de Palmés, Serra do Lorouco...), eliminación de vertedoiros incontrolados ou lixo en zonas puntuais (Ribeiras do río Lonia e tramo do Miño dende Oira ata a Outaríz, Palmés...) reciclaxe no centro (illas de selección para a reciclaxe, reciclaxe de bolígrafos, reciclaxe de tonners, móbiles, e dende a xestión do propio centro o tratamento medioambiental adecuado a tubos fluorescentes gastados das aulas, tratamento adecuado a produtos que poden ser moi contaminantes no solo como os produtos químicos dos laboratorios motivo polo que nos demos de alta este curso escolar para o tratamento), posta en valor e coidado de natureza que rodea o centro educativo, posta en valor da oferta medioambiental das diferentes administracións e asociacións/ONGs medioambientais

As actividades desenroladas polos **Ecovixiantes do Divina Pastora** englobábase en tres obxectivos principais que repercuten directamente na protección dos solos propostos por la 19ª edición de Voz Natura:

- **Obxectivo 1.** Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos.
- **Obxectivo 2.** Reforestar e plantar especies autóctonas; e reducir paulatinamente especies foráneas con obxecto de erradicalas nos nosos ecosistemas.
- **Obxectivo 3.** Reducir contaminantes que afectan ao ecosistema directa ou indirectamente.

Seguindo estes tres obxectivos desenvolvemos diferentes actividades educativas ao longo do curso escolar tanto en horario lectivo (actividades curriculares dentro de diferentes materias e diversas actividades complementarias) como en horario non lectivo (actividades extraescolares voluntarias gratuítas) a estas actividades son invitados todos os alumnos de ESO e bacharelato e as súas familias para que asistan con eles e a formación sexa sistémica.

A presente memoria contempla tres capítulos de actividades que seguen os tres obxectivos dos *Ecovixiantes do Divina Pastora* deste curso 2015/2016 a modo de fichas técnicas e unha breve memoria gráfica despois de cada ficha. Cada ficha técnica contén os seguintes datos: Data, lugar de realización, obxectivos, descrición, actividades e participantes. A súa vez cada capítulo contén un tomo separado de anexos de algunhas das actividades de dito capítulo. Así o capítulo 1 desta memoria “Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos” ten o tomo 2 cos anexos do 2 ao 13 co mesmo título que inclúe información complementaria a algunhas das actividades como circulares ás familias, artigos de prensa, fotos, traballos do alumnado ... e o mesmo co capítulo 2 en relación ao tomo 3 e o capítulo 3 en relación ao tomo 4.

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Aínda que nun principio os **Ecovixiantes do Divina Pastora** fai referencia a un grupo de alumnos e alumnas voluntarios de educación secundaria, este pretende implicar a toda a comunidade escolar do centro na **sostenibilidade e respecto medioambiental**; fomentando a participación activa de todo el alumnado, as súas familias e docentes; por elo, haberá actividades onde participen puntualmente diferentes grupos de alumnado das distintas etapas educativas, docentes e incluso as familias do alumnado, e outras nas que se realizan no horario lectivo nas que participan todos os grupos.

Ecovixiantes do Divina Pastora está dirixido polo profesor Gonzalo Sánchez Busóns e ten como patrón a San Francisco (patrón da Ecoloxía), segmentase en tres áreas de traballo: o voluntariado medioambiental (que é a parte máis práctica e de intervención na entorna), a reciclaxe (no seu sentido máis amplo de redución, reutilización e separación para a reciclaxe) e a xestión medioambiental (que afecta á organización do centro), tal e como se amosa no gráfico 1.




Gráfico 1. Estrutura dos Ecovixiantes do Divina Pastora.

O voluntariado é a parte clave do programa e por iso realízanse tantas actividades voluntarias no centro. Estas actuacións que están dirixidas polo profesor Gonzalo (coordinador do programa) execútanse principalmente fóra do centro e a maioría das actuacións en horario non lectivo e de forma altruísta.

A reciclaxe lévase a cabo dende o grupo de 3 anos de infantil ata bacharelato (coordinadora María José Castro). Pretende formar ao alumnado na importancia do consumo responsable e as boas prácticas na xestión de residuos urbanos.

A xestión medioambiental pretende que o centro e os docentes sexan exemplo dunha adecuada política ambiental, estas tarefas son máis propias dos docentes, PAS, e equipo directivo que do alumnado, pero estes deben coñecelo, como saber ¿qué se fai cos produtos químicos do laboratorio? ¿Qué se fai coas lámpadas fluorescentes? ¿cómo reduce CO₂ o colexio coas normas de apertura de ventás, portas ou apagado de luces?) .

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais do programa céntranse no Concello de Ourense:

- Favorecer o coñecemento dos problemas ambientais, tanto locais (no Concello de Ourense) como globais.
- Capacitar ao alumnado e as súas familias para analizar de forma crítica a información ambiental a través de noticias, charlas-coloquio divulgativas, conferencias a través da Aula da natureza do Concello de Ourense, Asociación Amigos da Terra, Expertos da Consellería de Medio Ambiente
- Favorecer a adquisición de novos valores pro-ambientales e fomentar actitudes críticas e construtivas.
- Apoiar o desenvolvemento dunha ética que promova a protección do medio ambiente desde unha perspectiva de equidade e solidariedade.
- Capacitar ao alumnado no análise dos conflitos socioambientais, no debate de alternativas e na toma de decisións para a súa resolución.
- Fomentar a participación activa de la sociedade en los asuntos colectivos, potenciando la responsabilidade compartida cara o entorno.
- Ser un instrumento que favoreza modelos de conduta sostibles en todos os ámbitos da vida, sobre todo para cando deixen o Colexio, ese será o noso legado.

CAPÍTULO 1. Afondar no coñecemento e divulgación dos ecosistemas galegos.

Neste capítulo descríbense as actividades realizadas co alumnado e tamén coas familias para coñecer os ecosistemas próximos ao Colexio Plurilingüe Divina Pastora.

As actividades realizadas durante o curso 2015/2016 contaron coa colaboración e cooperación da Aula da Natureza do Concello de Ourense, Parque Botánico de Ourense, a Asociación Amigos da Terra, Asociación APMOU (Protectora de Animais), Axente forestal, ... para acadar este obxectivo:

Nº	DATA	NOME DA ACTIVIDADE	PÁX	Anexo
1.1	26/09/2015	Introdución á apicultura	11	2
1.2	26/09/2015	Senderismo Termas de Ourense	13	---
1.3	04/10/2015	Ornitoloxía/Día Mundial das Aves	15	3
1.4	09/10/2015	Presentación libro morcegos	17	---
1.5	27/10/2015	Escola de sustentabilidade: Cumbre de París (Amigos da Terra)	18	---
1.6	17/11/2015	Obsolescencia programada	19	---
1.7	19/11/2016	Micoloxía para nenos	21	4
1.8	24/11/2016	Concienciación: os nosos amigos os cans e os gatos	23	5
1.9	28/11/2015	Bosques autóctonos	25	6
1.10	Decembre 2016	Relatos de auga intelixente	27	7
1.11	04/02/2016	Día dos humedais	28	8
1.12	14/02/2016	Semana forestal mundial	30	9
1.13	29/02/2016	Proxecto terra. Galicia, un país de paisaxes	31	10
1.14	10/03/2016	Taller de plantas medicinais	32	11
1.15	29/03/2016	Concurso fotográfico: auga e dereitos humanos	34	12
1.16	06/04/2016	Aromaterapia	35	13

Tamén desenvolvéronse outras actividades como: Coñecer a actuación para a conservación do río Miño, Castiñeiro historia de Ourense, Pasear pola ribeira do Miño en bicicleta, Obradoiro de plantas carnívoras

1.1 INTRODUCCIÓN Á APICULTURA

DATA:

26 Setembro 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Parque Botánico de Montealegre

OBXETIVOS:

- Protexer o medio a través da apicultura
- Coñecer os diferentes tipos de abellas

DESCRICIÓ:

Observación do proceso mediante o cal as abellas realizan o mel e posterior recollida por parte dos profesionais podendo coñecer todo o procedemento necesario para o seu consumo.

ACTIVIDADES:

A actividade consistirá nunha breve exposición audiovisual coa participación activa do público, posteriormente procederase a una fase máis práctica acerca dos manexo das colmeas, das ferramentas utilizadas e da correcta colocación da vestimenta de seguridade. Para finalizar farase un recorrido polo parque botánico para coñecer a flora melífera máis común de Ourense.

PARTICIPANTES:

ESO, Bacharelato e pais

Prof. Gonzalo Sánchez Busóns, 45 alumnos e 16 pais/nais.

➤ MEMORIA GRÁFICA.





1.2.SENDERISMO TERMAS DE OURENSE

DATA:

26 Setembro 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Visita ás termas de Outariz polo paseo das Ninfas.

OBXETIVOS:

- Valorar e Coñecer a fauna e a flora das ribeiras do Miño.

DESCRIÓN:

Observación da flora e fauna das ribeiras do miño, dende a ponte romana ata as termas. Trátase dunha ruta de 10 kilómetros de vida saudable co fin de apreciar a natureza do noso contorno.

ACTIVIDADES:

- Ruta de senderismo.

PARTICIPANTES:

ESO, Bacharelato e docentes de secundaria.

287 alumnos/as, todos os titores/as e especialistas (21 docente).

➤ MEMORIA GRÁFICA





1.3. ORNITOLOXÍA/DIA MUNDIAL DAS AVES

DATA:

04/10/2015 (día mundial das aves e día de San Francisco)

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza do río Miño. Paseo fluvial de Oira s/n

OBXETIVOS:

1. Identificar as distintas especies de aves.
2. Identificar aspectos importantes como son os cantos, a silueta en voo, así como outros aspectos comportamentais.
3. Contextualizar o anterior, mostraráselles os resultados de estudos levados a cabo polos responsables do curso, nos que se precisou da identificación e seguimento de aves para alcanzar os obxectivos dos proxectos.

DESCRIPCIÓN:

Esta actividade organizada Bilurico Medioambiente ten como obxectivo o achegamento ao mundo das aves, a través da súa observación directa e a elaboración de comedeiros e caixas niño. Ensinarase unha variedade de métodos de mostraxe/censo de aves que permitirán aos asistentes tanto sacar un maior proveito dos datos que eles mesmos tomen no campo, así como ofreceráselles información sobre censos e proxectos coordinados, a nivel rexional ou estatal, nos que poderán colaborar no futuro. Tamén se capturarán e anillarán aves mediante técnicas de trampeo non lesivo co que os participantes poderán identificar as aves en man. O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA), celebra o segundo fin de semana do mes de maio o Día Mundial das Aves Migratorias.

ACTIVIDADES:

A actividade divídese en 2 partes:

- Parte teórica: explicación sobre diferentes tipos de caixas niño, comedeiros, identificación de aves, etc
- Parte práctica: realización dun comedeiro, colocación dos comedeiros e dunha caixa niño. Realizarase tamén observación de aves con prismáticos e telescopio.

A duración total será de 100 min.

PARTICIPANTES:

51 alumnos/as de ESO e Bacharelato, 22 pais e nais e os profesores Xíán Bobillo, M^a José Castro, Jose Antonio Blanco e Gonzalo Sánchez.

➤ MEMORIA GRÁFICA:



1.4. PRESENTACION LIBRO: OS MORCEGOS

DATA:

09/10/2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza do río Miño. Paseo fluvial de Oira s/n

OBXETIVOS:

1. Dar a coñecer o mundo dos Morcegos

DESCRICIÓN:

Esta actividade de carácter voluntario daba a coñecer a vida dos morcegos e as súas características de hábitat, fisiolóxicas ... recollidas no libro "Os Morcegos"

ACTIVIDADES:

Actividade voluntaria en venres pola tarde. Charla e presentación do libro.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e 7 alumnos/as de Bacharelato.

1.5. CUMBRE DE PARÍS Escola de sustentabilidade: Cumbre de París (Amigos da Terra)

DATA:

27-28/10/2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Campus universitario de Ourense. Politécnico.

OBXETIVOS:

1. Concienciar sobre el cambio climático
2. Concienciar sobre la obscelescencia programada
3. Motivar al voluntariado medioambiental

DESCRCIÓN:

Ciclo de conferencias coloquios sobre a cumbre de París organizada pola Asociación Amigos da Terra.

ACTIVIDADES:

Actividade voluntaria fora de horario escolar.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e 16 alumnos/as de ESO e Bacharelato.

➤ MEMORIA GRÁFICA:



1.6. OBSOLESCENCIA PROGRAMADA

DATA:

17/11/2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

No Colexio Plurilingüe Divina Pastora. Salón de actos.

OBXETIVOS:

1. Concienciar sobre la obsolescencia programada
2. Reutilizar las tecnoloxías

DESCRICIÓN:

Conferencia coloquio organizada pola Asociación Amigos da Terra na que participaron voluntarios de diversos países.

ACTIVIDADES:

Actividade complementaria dentro do horario escolar.

- Coloquio medioambiental sobre a tecnoloxía.
- Xogo cooperativo entre o alumnado participante

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e titores dos grupos de 1º e 2º da ESO e 117 alumnos/as de ESO.

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





1.7. MICOLOXÍA PARA NEN@S

DATA:

19/11/2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza de Oira

OBXETIVOS:

1.Introducirse no campo da micoloxía dun xeito lúdico e divertido.

DESCRICIÓN:

Mediante esta actividade organizada por AEJE preténdese que os nenos e nenas poidan:

- Coñecer que é un fungo e diferentes tipos de fungos
- Que é unha seta e as súas partes
- Hábitat e ciclo de vida das setas
- Aprender a recoller setas no bosque
- Precaucións a ter en conta.
- Identificar diferentes tipos de setas

ACTIVIDADES:

A metodoloxía empregada baséase en dous tempos:

- Na aula traballaranse coñecementos a través do xogo, potenciando a creatividade e a participación.
- Saída ao monte dos “pequenos micólogos” para traballar in situ o aprendido na aula

PARTICIPANTES:

Prof. David Ramos e Gonzalo Sánchez e 30 alumnos de ESO e bacharelato.

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





1.8. CONCIENCIACIÓN: OS NOSOS AMIGOS OS CANS E OS GATOS

DATA:

24/11/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza do río Miño. Paseo fluvial de Oira s/n

OBXETIVOS:

1. Concienciar os máis pequenos da casa sobre os cuidados e responsabilidades que require unha mascota.
2. Adquirir coñecementos sobre os cans e gatos, para valorar a importancia que teñen como animais de compañía e como fonte constante de alegría e cariño.
3. Inculcar ós máis cativos comportamentos para paliar o abandono.
4. Ser consciente de que un animal non é un xoguete.

DESCRICIÓN:

Consideramos importante comezar dende idades temperás a inculcar un espírito de concienciación e sensibilidade de cara aos animais mediante charlas e actividades prácticas con nenos e nenas de diferentes idades, resolvendo así aquelas dúbidas que poidan ter.

ACTIVIDADES:

A Asociación Cultural e Deportiva de Propietarios de Mascotas de Ourense Trata de achegar os seus coñecementos e experiencias persoais aos destinatarios da actividade ofrecendo información a aqueles nenos e nenas que non teñen, regularmente, contacto co mundo da protección animal. Duración de 90 min.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e 30 alumnos de ESO e bacharelato.

➤ MEMORIA GRÁFICA:





1.9. BOSQUES AUTÓCTONOS

DATA:

28/11/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza do río Miño. Paseo fluvial de Oira s/n

OBXETIVOS:

- 1.Potenciar o uso da bicicleta como transporte alternativo e como medio de transporte nunha actividade de interpretación.
- 2.Fomentar o respecto pola natureza a través do seu coñecemento (neste caso, aspectos ligados ao río Miño como a súa flora, fauna, etc.)
- 3.Dedicar unha especial atención á rica variedade de aves presentes no contorno do río Miño e achegar o uso de instrumentos de observación como os prismáticos e os telescopios.

DESCRIPCIÓN:

No campo da interpretación ambiental, Bilurico Medioambiente presenta unhas rutas interpretativas na natureza , en bicicleta, coa finalidade dun maior coñecemento do medio a través da súa fauna, flora, paisaxes,etc., procurando ao tempo o divertimento dos participantes.

ACTIVIDADES:

A actividade que presentamos é a denominada "Ruta ciclointerpretativa do río Miño". Consiste nun itinerario guiado en bicicleta, utilizando os camiños que percorren as marxes do río Miño na cidade de Ourense. Ao longo do percorrido realizaranse varias paradas explicativas e interpretativas onde os participantes poderán utilizar prismáticos e telescopios que se proporcionarán para a observación da fauna, especialmente das aves.

O percorrido será o seguinte: saída desde Aula da natureza do río Miño ata Outariz pola marxe esquerda do río, seguiríase despois polo camiño a Untes ata o primeiro observatorio de aves -polo menos- e regreso cara á pasarela de Oira pola marxe dereita do río. A duración aproximada do percorrido sería de 3 a 4 horas, unha mañá.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e José Antonio Blanco e 35 alumnos de ESO e bacharelato.

➤ MEMORIA GRÁFICA:



1.10. RELATOS DE AUGA INTELIXENTE

DATA:

Decembre 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

- Implicar aos estudantes no coidado do medio ambiente e o uso sostible da auga.

DESCRICIÓN:

Certame literario co fin de contribuír na difusión da cultura da auga a través da literatura ademais de concienciar á xente nova da necesidade de coidar o medio ambiente

ACTIVIDADES:

Participación cun relato sobre a importancia da auga na sociedade e a vida

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e Cristina Bravo e 143 alumnos de ESO e Bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA



1.11. DÍA DOS HUMEDAIS

DATA:

04/02/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Ribeiras do río Lonia na cidade de Ourense.

OBXETIVOS:

1. Coñecer un pouco mellor a flora e a fauna dos nosos ríos.
2. Comparar os diferentes estadios de conservación dos ecosistemas de ribeira.
3. tomar contacto ca natureza, xeral, despertando un sentimento de coidado da mesma nos máis xovenes.

DESCRICIÓN:

Co gallo da conmemoración do 45 aniversario do Convenio Ramsar, celebramos un ano máis o día dos humedais, en colaboración coa Aula de Natureza do río Miño da Concellería de Educación, e o naturalista Alberto Rivero Saeta e queremosvos convidar á realizar unha saída polas ribeiras dos ríos da cidade ao seu paso polo concello de Ourense.

ACTIVIDADES:

Un pequeno percorrido pola marxe dereita do río, saíndo dende a pasarela de Outariz e que rematará na localidade de Untes.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e 30 alumnos de ESO e bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA





1.12. SEMANA FORESTAL MUNDIAL

DATA:

Marzo 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula de audiovisuais. Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

1. Concienciar da importancia do coidado dos montes galegos
2. Valorar as especies autóctonas

DESCRICIÓN:

Charla informativa impartida por Xosé Santos acerca da importancia dos bosques e o adecuado mantemento dos nosos montes.

ACTIVIDADES:

-Xornada formativa no colexio sobre a importancia dos montes.

PARTICIPANTES:

Prof. Gonzalo Sánchez e 62 alumnos de 2º da ESO.

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**



1.13. PROXECTO TERRA. GALICIA, UN PAIS DE PAISAXES

DATA:

24/02/ 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Castadón (Ourense)

OBXETIVOS:

Descubrir e analizar as paisaxes galegas e do noso entorno.

DESCRICIÓN:

Excursión polo contorno galego

ACTIVIDADES:

Excursión e análise da nosa paisaxe

PARTICIPANTES:

Alumnos de ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**



1.14. TALLER DE PLANTAS MEDICINAIS

DATA:

Marzo 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza de Oira

OBXETIVOS:

Coñecer a riqueza de plantas medicinais das montañas e paraxes naturais, promovendo actitudes e aptitudes de respecto cara o medio rural, o tempo que se aprende a tratar e previr enfermidades e doenzas comúns con plantas (resfriado, gripe, acne, feridas, etc)

DESCRICIÓN:

Charla formativa sobre o coñecemento e o uso das plantas como remedios naturais

ACTIVIDADES:

Introdución á historia do uso das plantas como medicina

Relatos acerca do uso medicinal das plantas e do noso entorno.

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





1.15. CONCURSO FOTOGRAFICO: AUGA E DEREITOS HUMANOS

DATA:

29/03/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Campus de Ourense (Universidade de Vigo)

OBXETIVOS:

Promover o coñecemento e visualizar o patrimonio que a provincia de Ourense ten no eido cultura relacionado ca auga.

DESCRICIÓN:

Concurso convocado no marco do Día Mundial da Auga onde os alumnos participan con obras que combinen unha imaxe e un relato acerca da auga e os Dereitos Humanos.

ACTIVIDADE:

Envío dun relato curto (máximo 100 palabras) acompañado dunha fotografía, onde o tema principal sexa o recoñecemento do acceso á auga potable e o saneamento como dereito fundamental do ser humano.

PARTICIPANTES:

2º de Bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA:



1.16. AROMATERAPIA

DATA:

06/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza de Oira

OBXETIVOS:

- Coñecer os beneficios dos aceites esenciais
- Coñecer a súa elaboración

DESCRICIÓN:

Nesta actividade os rapaces tiveron en primeiro lugar unha presentación sobre elaboración de aceites esenciais e os diferentes métodos de extracción para despois eles poñer en práctica a súa elaboración

ACTIVIDADE:

- Elaboración de aceites esenciais.
- Construción dunha replica de alambique con material reciclado

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





CAPÍTULO 2. Reforestar e plantar especies autóctonas; Reducir paulatinamente especies foráneas con obxecto de erradicalas nos nosos ecosistemas

Entre as actividades realizadas ó longo do curso 2015/2016 sobre plantacións de árbores e eliminación de especies foráneas centrámonos nas zonas arrasadas polo lume: zona de Palmés e Serra do Lorouco, e no Concello de Toén.

	DATA	NOME DA ACTIVIDADE	PÁX	Anexo
2.1	22/10/2015	Invernadoiro de plástico	38	14
2.2	28/10/2015	Xardinería ecolóxica	40	15
2.3	07/11/2015	Recuperación da serra do larouco	42	16
2.4	Xaneiro 2016	Taller de espantallo	43	17
2.5	31/03/2016	Día da Árbore (Palmés). Horta da terra O Polvorín	45	18
2.6	21/04/2016	Hotel para insectos	47	19
2.7	22/04/2016 26/04/2016	Plantación de árbores con Sustinea Plantación de árbores en Toén	49	20
2.8	Todo o ano	Horta da Terra. Compostaxe	50	21

2.1. INVERNADEIRO DE PLÁSTICO

DATA:

22 Outubro 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula natureza de Oira

OBXETIVOS:

- Desmontar o invernadoiro de plástico montado en xuño.

DESCRICIÓN:

Os alumnos acudiron a horta para limpar e desmontar o invernadoiro.

ACTIVIDADES:

-Limpar e desmontar o invernadoiro e acondicionamento da horta

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA**





2.2. XARDIÑEIRIA ECOLÓXICA

DATA:

28/10/ 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da natureza de Oira

OBXETIVOS:

- Aconsellar e asesorar no cambio gradual de hábitos para pasar dunha xardinería convencional a unha sostible e ecolóxica
- Contribuír á mellora da calidade do entorno ambiental con xardíns, parques e hortas ecolóxicas.
- Auñar a maior diversidade biolóxica posible nos xardíns como garantía de desenvolvemento
- Recuperar o uso de especies autóctonas e de variedades locais.
- Participar activamente na adaptación á sustentabilidade dos novos proxectos urbano.
- Fomentar a implicación do nen@ e adult@ no coidado de zoas verdes
- Evitalo uso de fitosanitarios e ensumas químicos e promover os métodos culturais ecolóxicos para o cultivo e mantemento das plantas.
- Sinalar, protexer e realzar toda a vexetación monumental e protexida ou de interese cultural.
- Integrara xardinería coa natureza nos casos no que o entorno natural estea ben conservado.
- Promover actividades vinculadas á xardinería ecolóxica e destinadas á integración de colectivos desfavorecidos

DESCRICIÓN:

Os almun@s recibirán una charla informativa trala cal, realizarán labores de xardinería.

ACTIVIDADES:

-Acondicionar a horta, aprender técnicas de poda e plantar

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA





2.3. RECUPERACIÓN DA SERRA DO LAROUCO

DATA:

7/11/ 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Lucenza, Cualedro

OBXETIVOS:

- Concienciar sobre os efectos dos incendios
- Plantar árbores
- Limpar e acondicionar diferentes áreas

DESCRICIÓN:

Co apoio de amigos da Terra e a plataforma non máis lume, ademais de veciños, se realizou un obradoiro forestal tralo incendio da Serra do Larouco

ACTIVIDADES:

O grupo creou barreiras contra a erosión, plantaron árbores, arranxaron e acondicionaron a fonte do área recreativa, limparon a Pena Muller, recolleron vidro e outros desfeitos.

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA**



2.4. OBRADOIRO DE ESPANTALLO E PLANTACIÓN

DATA:

Xaneiro 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza de Oira

OBXETIVOS:

-Aprender a elaborar un espantallo

DESCRICIÓN:

Elaboración dun espantallo para nosa horta, ademais de plantación no mesma

ACTIVIDADES:

-Construír un espantallo

-Plantación na horta

PARTICIPANTES:

ESO

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





2.5. DIA DA ARBORE

DATA:

Marzo 2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Palmés/O Polvorín (Ourense)

OBXETIVOS:

Celebrar o dia da árbore

Colaborar na recuperación dos bosques afectados polos incendios

DESCRICIÓN:

Colaboración dos alumnos na repoboación do monte queimado

ACTIVIDADE:

Plantación de árbores

PARTICIPANTES:

1º y 2º ESO

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





2.6. HOTEL PARA INSECTOS

DATA:

21/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza de Oira

OBXETIVOS:

Reducir os prexuízos acerca dos insectos
Adquirir coñecementos acerca dos insectos e a súa importancia ecolóxica,
Adquisición de habilidades manuais
Ampliación de vocabulario relacionado co tema
Mellora do traballo en equipo

DESCRIPCIÓN:

Esta actividade parte do obxectivo de fomentar a biodiversidade do horto e mellorar a actividade de insectos beneficiosos, de xeito que se mellore tamén a calidade en xeral e a saúde do mesmo, sendo posible diminuír o uso de pesticidas.

ACTIVIDADE:

Recolección de materiais de construción dunha casaña para os insectos

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





2.7. PLANTACION ARBOLES TOEN

DATA:

26/04/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Base de helicóptero de Trelle

OBXETIVOS:

- Reforestar
- Cartografar
- Observar helicópteros de extinción de incendios

DESCRIZACIÓN:

Os alumnos iran a base de helicópteros de Ourense para observar e coñece como funcionan o equipo de extinción de incendios ademais de colaborar na reforestación dos montes.

ACTIVIDADES:

Observación do super Puma o helicóptero mais grande de Galicia e colaborar na reforestación dos montes de Toen.

PARTICIPANTES:

1º da ESO

➤ MEMORIA GRÁFICA:

2.8. HORTA DA TERRA.

DATA:

Todos os martes e mércores do mes do ano de 16:15 a 18:30.

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Aula da Natureza do río Miño.

OBXETIVOS:

1. Fomentar o respecto pola natureza a través do seu coñecemento.
2. Potenciar o coñecemento e as prácticas de actividades agrícolas.
3. Identificar os diferentes tipos de prantas.
4. Identificar os instrumentos de labranza.

DESCRICIÓN:

A sociedade actual está tan urbanizada que son moitos os cativos e cativas que pensan que as froitas, legumes e hortalizas crecen nos Supermercados. Mediante esta actividade tratarase de acercar aos rapaces ao mundo labrego e rural para que tomen contacto ca terra e aprendan a coidala.

ACTIVIDADES:

Mediante esta iniciativa trátase de que os nenos e nenas aprendan a realizar diferentes tarefas relacionadas ca agricultura:

- Realizacións de espantallos.
- Plantación de sementes.
- Coidado das plantas e froitos.

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**





CAPÍTULO 3. Reducir contaminantes que afectan ao ecosistema directa ou indirectamente.

Este capítulo inclúe todas as actividades vinculadas á reciclaxe, desde a formación do alumnado e profesorado como a posta en práctica dentro e fóra do centro do aprendido.

Contenedores e illas de reciclaxe en funcionamento no centro no curso 2015/2016:

- Illas de contenedores: Papel / plástico / xenérico.
- Contenedores de materia orgánica no comedor.
- contenedores especiais: bolígrafos, pilas, tapóns, toners.

Ademáis o centro deuse de alta neste curso 15/16 como produtor de residuos perigosos (productos químicos do laboratorio de ciencias e química, tubos e pilas) e unha empresa ven a recoller ditos produtos.

Nº	DATA	NOME DA ACTIVIDADE	PÁX	Anexo
3.1	8/10/15	Compostaxe	53	22
3.2	16/12/2015 11/05/2016	Proxecto Ríos	54	23
3.3	Todo o ano	Ti reciclas,Ourense gana	56	24
3.4	Todo o ano	Recollida de tapóns	57	25
3.5	Todo o ano	Reciclaxe Cartuchos, pilas, bolígrafos	58	26
3.6	Todo o ano	Reciclaxe SOGAMA.	59	27
3.7	Todo o ano	Reciclaxe de produtos perigosos	60	28

3.1 COMPOSTAXE

DATA:

8 Outubro 2015

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Barrio do Polvorín Ourense

OBXETIVOS:

- Aprender a xestionar os residuos orgánicos

DESCRICIÓN:

Os alumnos acudirán á horta a aprenderán a facer compostaxe coa materia orgánica

ACTIVIDADES:

Formación e práctica sobre a compostaxe.

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA:

3.2 PROYECTO RÍOS/LIMPEZA DA RIBEIRA

DATA:

16/12/2016

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Parque Lonia Ourense

OBXETIVOS:

- Limpar e medir parámetros da auga

DESCRICIÓN:

Xornada de limpeza e concienciación social, recollida de lixo por grupos de traballo

ACTIVIDADES:

Realizar medicións do PH, Nitratos, Dureza e Osíxeno disolto

Recollida de lixo

Fotografar para divulgar a acción

PARTICIPANTES:

ESO e Bacharelato

➤ MEMORIA GRÁFICA:



3.3 TI RECICLAS, OURENSE GAÑA

DATA:

Todo o ano

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

Concienciar a los alumnos de la importancia del reciclaxe

DESCRIPCIÓN:

Os alumnos recibiron información formación sobre a reciclaxe por parte da Consellería de Educación

ACTIVIDADE:

Charla sobre concienciación da reciclaxe

PARTICIPANTES:

Toda a comunidade educativo

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**

Más de 550 alumnos participan en el programa "Ti reciclas, Ourense gaña"

Veloso destacó las ventajas de la reutilización

Redacción | Ourense | 23.02.2016 | 02:55


Más de cincuenta alumnos de primero de Eso de las Franciscanas participaron ayer en el programa "Ti reciclas, Ourense gaña", por iniciativa de la Concejalía de Educación, basada en la prevención y reciclaje para atender la producción de residuos desde el punto de vista de la prevención, entendida como un conjunto de medidas que "podemos adoptar antes de que un producto se convierta en un residuo, e intentar reciclarlo", para que el material que aporta se pueda reutilizar con nuevos productos.

La experiencia va dirigida a alumnos de quinto y sexto de EP y de primero y segundo ciclo de ESO de los centros de la ciudad que lo han solicitado.

Participan 558 escolares. El biólogo Xusto Veloso habló a los alumnos de las Franciscanas sobre las ventajas del reciclaje, además de explicarles el tipo de residuos que hay que depositar en cada contenedor.



La concejala Belén Iglesias, con alumnos de las Franciscanas. // I.O.

 Compartir en Facebook

 Compartir en Twitter

3.4 RECOLLIDA DE TAPÓNS

DATA:

Todo o ano

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

-Recoller Tapóns para fines benéficos

DESCRICIÓN:

A comunidade educativa recollera tapóns con fines benéficos

ACTIVIDADE:

Recollida de tapóns

PARTICIPANTES:

Toda a comunidade educativa

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**



3.5 RECICLAXE CARTUCHOS, PILAS, BOLÍGRAFOS

DATA:

Todo o ano

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

-Aprender a reciclar
-Recoller cartuchos, pilas e bolígrafos para reciclar
Concienciar çá comunidade educativa docontaminante que son algúns residuos

DESCRICIÓN:

A comunidade educativa comprometese a recoller cartuchos, pilas e bolígrafos para logo reciclar

ACTIVIDADE:

Recollida e selección de residuos doméstivos contaminantes

PARTICIPANTES:

Toda a comunidade educativa

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**



3.6 RECICLAXE SOGAMA

DATA:

Todo o ano

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

Aprender a separar adecuadamente os residuos urbanos

DESCRICIÓN:

SFormación ao alumnado e docentes sobre a separación correcta dos residuos, adicándose este ano máis tempo a separación de restos orgánicos, para a elaboración de composta para a horta

ACTIVIDADES:

- Separación de residuos
- Colocación de contenedores e illas de reciclaxe por todo o centro.
- Formación ao alumnado
- Formación aos docentes
- Montaxe dun composteiro para a horta

PARTICIPANTES:

Toda a comunidade educativa

➤ **MEMORIA GRÁFICA:**



3.7. RECICLAXE DE PRODUTOS PERIGOSOS

DATA:

Todo o ano

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Colexio Plurilingüe Divina Pastora

OBXETIVOS:

Reciclaxe de produtos perigosos que produce o centro

DESCRICIÓN:

Recollida e separación adecuado de produtos perigosos nos laboratorios de química e ciencias.

Recollida de tubos fluorescentes

Recollida de pilas (tamén incluída na actividade 3.5)

ACTIVIDADE:

- Darse de alta como produtor de residuos perigosos
- Separación e almacenaxe adecuado
- Solicitar a empresa autorizada para o seu proceso
- Informar ao alumnado do proceso
-

PARTICIPANTES:

PAS, docentes e equipo directivo

DIFUSIÓN

Circulares informativas /autorizacións ás familias

Infórmase ás familias de todas as actividades e loxicamente as actividades fóra do centro coa súa autorización.

(ver anexos de actividades nos tomos 2, 3, e 4).

Blog do colexio Voz Natura

<http://voznatura.blogspot.com.es/>

Plurilingüe Divina x VOZNATURA: FACEMOS x Zimbra: Bandeja de entra x compostaxe 2015 - Ana M x (5) Gonzalo Sánchez x (4) Gonzalo Sánchez

ot.com.es/2015/02/facemos-compostaxe.html

Más ▾ Siguiente blog»

VOZNATURA

martes, 10 de febrero de 2015

FACEMOS COMPOSTAXE!

A iniciativa da [Voz de Galicia](#), **Voz Natura**, xunto cos rapaces/as do [Colexio Divina Pastora Franciscanas de Ourense](#) estamos concenciados de que o noso planeta necesita coidados, que é de vital importancia ser responsables cas actividades que facemos tratando de aproveitar todas as oportunidades para reciclar e reutilizar o que consumimos, e conseguir desta maneira alongar a súa vida todo canto poidamos.

Despois de moito pensalo, chegamos a conclusión de que sería unha boa idea realizar **compostaxe** cos restos de alimentos que consumimos, e así evitar o emprego de fertilizantes e produtos químicos dafinos para a terra. É un simple e pequeno xesto que trae consigo un gran paso e avance para o noso planeta.


Antes de poñerse mans á obra é importante que os alumnos reciban uns coñecementos teóricos básicos sobre esta práctica, os cales foron impartidos polos representantes de Voz Natura. Unha vez adquiridos eses coñecementos podemos pasar á fabricación deste recurso ecolóxico!

Aquí podeades ver algunhas imaxes durante as diferentes xornadas de traballo!



Prensa e outros medios de comunicación:

O colexio publica na súa web as noticias que son publicadas nos diversos medios de comunicación e que teñen impacto na contorna.



Jornadas de puertas abiertas 2016
VEN A CONOCER NUESTRO CENTRO
... solicita cita ...
SOLICITUD DE PLAZA DEL 1 AL 29 DE MARZO

Colexio Plurilingüe Divina Pastora, Ourense **Franciscanas Misioneras de la Madre del Divino Pastor**

Inicio **Quiénes Somos** **Nuestros centros** **Alumnos** **Padres** **Profesores** **Información** **Antigu@s alumn@s**

Saludo

Valor del Curso

Matrícula 2016-17

Dirección y Titularidad

Secretaría

Historia del Colegio

Noticias en Prensa

Información General

Etapas educativas

PP. de Innovación

Plurilingüismo

Pastoral

Gestión de Calidad

Menú Comedor

Enlaces Educativos

Programa Extraescolares

Inicio

Noticias en Prensa

CURSO 2015-2016

VIII OBRADOIRO-CONCURSO DE ROBÓTICA. (14-04-2016). La Región.

ROBÓTICA. LA MAGIA DE PROGRAMAR. (13-04-2016). La Región.

INTELIGENCIAS MÚLTIPLES. (21-02-2016). La Voz de Galicia.

APRENDER INTELIGENCIAS MÚLTIPLES. (14-02-2016). La Región.

COOPERAR PARA APRENDER. (03-02-2016). La Región.

LA PAZ ES EL CAMINO. (03-02-2016). La Región.

COMPROMETIDOS E SOLIDARIOS. (30-01-2016). La Región.

DÍA DE LA PAZ. (30-01-2016). La Región.

A NAVIDADE. (23-12-2015). La Región.

WHAT SAPP Ó DIRECTOR. (16-12-2015). La Región.

DISCIPLINA CON CARIÑO. (16-12-2015). La Región.

PREMIOS CONSTITUCIÓN. (13-12-2015). La Región.

TRANSPORTE SOSTENIBLE. (27-09-2015). La Región.

CONCURSO ¿CUÁNTO TIEMPO TIENES PARA MÍ? (25-11-2015). La Región.

A CONCILIACIÓN LABORAL E FAMILIAR. (25-11-2015). La Región

PROGRAMA DE RECICLAJE. (23-11-2015). La Región.

INVERNADEIRO DE PLÁSTICO. (19-11-2015). La Región.

MAGOSTOS. (19-11-2015). La Región.

CHARLA EN FRANCISCANAS. (18-11-2015). La Región.

DE SELFIES E FELICITACIONES. XARDINERÍA ECOLÓXICA. (12-11-2015). La Región.

TRANSPORTE SOSTENIBLE. (27-09-2015). La Región.

DÍA SIN COCHE. (22-09-2015). La Región.

APRENDIENDO A CIRCULAR. (22-09-2015). La Región.

O PRIMEIRO DÍA DE TRABAJO. (16-09-2015). La Región.

DE SELFIES E FELICITACIONES. AULA NATUREZA. (14-09-2015). La Región.



COLABORADORES REVISTA



El Tiempo en Ourense

martes 7 / 21°C
30 % riesgo
7 km/h

miércoles 6 / 16°C
90 % riesgo

_DE SELFIES E FELICITACIÓNS



- 1. Ecovigilantes de Franciscanas traballando na hora na Aula da Natureza.
- 2. Os escolares de Franciscanas recoñeceron a figura de Otero Pedrayo a través da arquitectura e da obra que están a ler na clase "Contos de Santos e Nadal".

_DE SELFIES E FELICITACIÓNS



- 1. Ecovixiantes de Franciscanas participaron nunha xornada de xardinería ecolóxica.
- 2 e 3. O profesor Gonzalo de Franciscanas está a traballar nunha actividade de aprendizaxe colaborativo co alumnado de 2º de ESO. Trátase de técnicas de lectura compartida de noticias do xornal. La Región é a súa ferramenta de aprendizaxe.

AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

Cada unha das actividades propostas neste curso avaliáronse individualmente por parte dos docentes participantes e do propio alumnado cunha puntuación de un a 4 segundo o noso sistema de xestión de calidade. Todas elas puntuaronse con 4 agás dúas actividades con puntuación 3 por resultar pouco prácticas segundo o alumnado (charlas coloquio no centro que non tiñan unha saída a continuación).

Como propostas de mellora para o vindeiro curso propuxémonos dúas prioritarias:

- Sementar no centro en lugar de plantar e cando as pequenas árbores medren plantalas despois de un ou dous anos en zonas afectadas polo lume.
- Implicar máis ás familias